

### QUERE SER COMA TI.

O mellor modelo son os adultos que están ao seu lado. Non o esquezas diante do neno, está asexando o que fas, e logo tratará de imitarte.

### NA CASA

*Colaborar en pequenas tarefas* para favorecer a súa autonomía.

A lectura é primordial, todos os días haberá que ler unhas liñas...

**FACER QUE AMEN OS LIBROS SERÁ TRABALLO DE TODOS!**

Mandaranse aquelas tarefas que os nenos/as non rematen na clase ou as que se fagan os días nos que falten.

### UN ESPAZO PROPIO

Deben ter un **lugar propio**, unha mesiña onde colocar todo o que está relacionado co seu traballo: a mochila, os libros, o horario... O espazo debe axudar á concentración; lonxe da TV, dos ruídos da casa, onde atope todo o preciso para o seu traballo (lapis, goma, cores, afía...)

Un lugar que teña que ordenar, que sexa a súa responsabilidade e que personalice segundo os seus gustos...

### CREAR HÁBITOS

Deben ter o **HORARIO ESCOLAR** á vista para saber o que lles toca cada día.

Pactar un **horario de "estudo"**. Sempre á mesma hora. No primeiro ciclo sería bastante 15-20 minutos. Vixiar a súa postura.

**Seleccionar e controlar os programas de TV** así como o acceso á rede (axeitados á idade).

**Coidar a Linguaxe.** Desterrar a agresividade verbal.

**Respectar aos compañeiros.** Tratar de poñerse no sitio dos outros...

**Fomentar a autonomía:** que se responsabilicen de preparar a mochila, recoller a mesa de estudo, que sexan responsables dos seus actos

REUNIÓN DE PAIS E NAIS  
Folleto informativo

## **C.E.I.P. A SOLAINA 1º e 2º EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2021/2022**



*Ensinarémosvos a voar,  
pero non voaremos por vós,  
ensinarémosvos a soñar,  
pero non soñaremos o voso sono;  
ensinarémosvos a vivir,  
pero non viviremos a vosa vida.  
Pero, en cada vó,  
en cada sono,  
e en cada vida,  
quedarán para sempre,  
a pegada do camiño ensinado.*

Os nenos traerán diariamente a súa propia merenda, os pais débense comprometer a enviar alimentos saudables, coincidindo así coa liña da campaña que se viña facendo ata o ano pasado.

- **PROFESORADO QUE IMPARTE CLASE AOS ALUMNOS/AS**

- Titoras: Ciencias Naturais e Sociais, Lingua galega, Lingua castelá, Matemáticas, Plástica e Valores.
- Educación Física: Marcelino.
- Lingua Inglesa: Magdalena a 2º e Carlos a 1º.
- Música: Daniel.
- Relixión Católica: pendente adxudicación.
- Mestra de Pedagogía Terapéutica: Mariana.
- Mestra de Audición e Linguaxe: Alva.

- **HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS**

As reunións individuais cos pais e nais seguirán levándose a cabo preferentemente de maneira telemática, é dicir, por teléfono, Abalar, etc. Asemade, tedes á vosa disposición o Departamento de Orientación Educativa.

- **ASISTENCIA**

É importante que a **asistencia á escola sexa regular**, así coma que nos **xustificades as faltas** (que se contabilizan por sesións) dos vosos fillos/as, **preferentemente por Abalar**.

Se as faltas son por causa do COVID non é necesario xustificalas.

Para un correcto funcionamento e aproveitamento do período lectivo é preciso que **sexamos puntuais nas entradas (a partires das 8:45) e saídas (13:50), ambas as dúas pola rúa Lugo**.

**Os pais, no presente curso, non poderán acceder ao recinto escolar, polo que os nenos deberán entrar sós ao colexio e subir á súa aula directamente onde estará a súa titora ou titor.**

- **SAÍDAS-EXCURSIÓNS**

Debido ao COVID, este ano **NON** é recomendable facer ningunha saída, de tódolos xeitos, xa se irá vendo ao longo do curso.

- **PROXECTO DE ALIMENTACIÓN**

- **ASPECTOS ACADÉMICOS**

- É **importante que lean todos os días** na casa empezando por palabras e aumentando pouco a pouco a frases curtas e así sucesivamente.
- Os nenos e nenas **teñen que ser autónomos**. Non lles queremos máis porque lles fagamos tarefas que eles sós poden facer.

- **AVALIACIÓN**

Na avaliación **valorarase o traballo diario (60%); a participación, esforzo, comportamento e respecto (20%), traballo da casa (10%) e atención (10%)**

- **INFORMACIÓNS VARIAS**

- ✓ No caso de estar enfermos non poden asistir ao colexio.
- ✓ Recoméndase que non asistan ao colexio no caso de **ter piollos** para evitar o contaxio.
- ✓ **A biblioteca permanecerá pechada polas tardes mentres non mellore a situación epidemiolóxica.**
- ✓ **Non se poden traer xoguetes á escola.**
- ✓ Este ano polos aniversarios **NON** se poderá convidar aos compañeiros/as pero sí que o celebraremos a nivel de aula. **As invitacións para festas de aniversario privadas non se repartirán nunca na clase.**

**EDUCACIÓN FÍSICA: deberán traer uns tenis para cambiarse, un xel ou toallíñas desinfectantes e papel para secarse. Nada máis.**